

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 1 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022 para a concesión das primas de mantemento das forestacións cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MR670C).

No Programa de desenvolvemento rural (en diante, PDR) de Galicia para o período 2014-2020, inclúese a medida 8.1 (establecemento e mantemento de superficies forestais), que ten como fin a reforestación e a creación de superficies forestais e na cal se inclúen como actuacións elixibles os custos de mantemento desas forestacións en forma dunha prima anual por hectárea.

No PDR de Galicia 2014-2020 establécese que na solicitude única pola cal anualmente se regulan os pagamentos directos tamén se inclúen as solicitudes de pagamento das axudas de desenvolvemento rural establecidas no ámbito do Sistema integrado de xestión e control, e nas cales se inclúen as primas anuais de mantemento asociadas ás axudas á creación de superficies forestais (submedida 8.1).

Neste senso, o pasado 22 de xaneiro de 2021 publicáronse as bases reguladoras para a concesión das primas de mantemento das forestacións cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, as cales inclúen a medida 8.1 (establecemento e mantemento de superficies forestais) e teñen como fin a reforestación e a creación de superficies forestais, e na cal se inclúen como actuacións elixibles os custos de mantemento desas forestacións en forma dunha prima anual por hectárea.

Estas axudas están recollidas no Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas nos sectores agrícola e forestal e nas zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, foron comunicadas por España á Comisión Europea e publicadas na páxina web da Comisión (http://ec.europa.eu/competition/elojade/isef/case_details.cfm?proc_code=3_SA_43021) o 20 de outubro de 2015, coa clave SA.43021 (2015/XA).

Así mesmo, e respecto da tramitación destas primas, nas convocatorias dos anos 2019, 2020 e 2021 incluíuse como obrigatoria a tramitación electrónica do procedemento por



parte das persoas físicas solicitantes, xa que se considerou acreditado que poden ter acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios. De acordo coa experiencia deses anos, e tamén por razón da súa capacidade económica, na tramitación das primas as persoas físicas son asesoradas na maioría dos casos por gabinetes técnicos, os cales completan practicamente toda a solicitude de axuda (proxecto técnico, memorias xustificativas das actuacións, etc). Ademais, a tramitación electrónica do procedemento redonda nunha maior comodidade na presentación e recepción de documentos, así como nunha maior rapidez, seguridade e axilidade na tramitación, cuestións moi valoradas polas persoas físicas.

Por todo o anterior, e polos bos resultados de xestión nas convocatorias anteriores, na convocatoria do ano 2022 a tramitación electrónica é obrigatoria tamén para as persoas físicas.

Por todo o anterior, para o ano 2022 cómpre establecer e convocar de novo as axudas ás primas de mantemento vinculadas aos expedientes pagados das axudas á creación de superficies forestais (submedida 8.1) para os beneficiarios de expedientes das convocatorias dos anos 2017, 2018, 2019 e 2020, que non tivesen solicitado a prima nas convocatorias dos anos 2019, 2020 e 2021, e co expediente pagado con anterioridade a 31 de decembro de 2021.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa corrente,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

A orde, en réxime de concorrência non competitiva, ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022, para a concesión das primas de mantemento correspondentes ás superficies forestadas mediante as axudas á creación de superficies forestais (medida 8.1 do PDR de Galicia 2014-2020, procedemento MR670C) dos anos 2022, 2023 e 2024.



Artigo 2. Finalidade

1. Estas primas teñen como finalidade contribuír ao coidado, mantemento e demais traballos forestais posteriores á plantación, financiando os traballos mediante unha prima de mantemento anual nos primeiros anos de existencia das plantacións realizadas.

2. En todo caso, será de aplicación o disposto no Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.

Artigo 3. Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios todos os titulares dos expedientes pagados antes do 31 de decembro de 2021 ao abeiro das ordes do 8 de xuño de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais e se convocan para ano 2017 (DOG nº 115, do 19 de xuño), do 17 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais e se convocan para o ano 2018 (DOG nº 81, do 26 de abril), do 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais e se convocan para o ano 2019 (DOG nº 13, do 18 de xaneiro) e do 25 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais e se convocan para o ano 2020 (DOG nº 232, do 5 de decembro de 2019), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (en diante, Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020; e que non fosen beneficiarios da convocatoria destas primas nos anos 2019 (DOG nº 23, do 1 de febreiro), 2020 (DOG nº 229, do 2 de decembro de 2019) e 2021 (DOG nº 14, do 22 de xaneiro).

2. Os beneficiarios poderán presentar tantas solicitudes como expedientes de forestación teñan pagados ao abeiro das ordes sinaladas no punto anterior cumprindo co requisito de presentar unha solicitude por cada expediente.

3. Os beneficiarios deben cumprir os requisitos establecidos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Non poderán ser beneficiarias as entidades de dereito público nin locais.

5. Non poderán ser beneficiarias aquelas empresas que entren dentro da categoría de empresas en crise, de acordo coa definición do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores



agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Unha empresa está en crise cando concorre, polo menos, unha das seguintes circunstancias:

a) Tratándose dunha sociedade de responsabilidade limitada, cando desaparecese máis da metade do seu capital social subscrito como consecuencia das perdas acumuladas, circunstancia que sucede cando a dedución das perdas acumuladas das reservas (e de todos os demais elementos que se adoitan considerar fondos propios da sociedade) conduce a un importe acumulativo negativo superior á metade do capital social subscrito.

b) Tratándose dunha sociedade na cal polo menos algúns socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade, cando desaparecese polas perdas acumuladas máis da metade dos seus fondos propios que figuran na súa contabilidade.

c) Cando a empresa estea inmersa nun procedemento de quebra ou insolvencia ou reúna os criterios establecidos legalmente para ser sometida a un procedemento de quebra ou insolvencia por pedimento dos seus acredores.

As pemes con menos de tres anos de antigüidade non se considerarán empresa en crise salvo que cumpran a condición establecida na letra c).

Para verificar o cumprimento deste requisito, as empresas solicitantes deberán declarar na solicitud que non se encontran en situación de crise conforme a normativa comunitaria.

Artigo 4. *Actuacións obxecto de prima e importes subvencionables*

1. As primas de mantemento están destinadas ao coidado, mantemento e demais traballos posteriores que son necesarios para o logro das plantacións realizadas.

2. Aplicaranse os valores seguintes en euros por hectárea de actuación:

a) Expedientes de primas a plantacións das especies de coníferas que figuran na correspondente convocatoria de axudas: 320 €.

b) Expedientes de primas a plantacións de especies de frondosas que figuran na correspondente convocatoria de axudas: 400 €.



3. O IVE non é subvencionable.

Artigo 5. *Condicións técnicas*

1. Os traballos elixibles deberan axustarse ás superficies pagadas ao abeiro das ordes de axudas que figuran no artigo 3 desta orde e deberán realizarse de acordo co establecido no seu anexo VI.

2. A planta empregada para a reposición das marras deberá axustarse ás condicións establecidas na correspondente orde de axudas do expediente inicial que posibilita a solicitude da prima de mantemento.

Artigo 6. *Compromisos*

1. Os beneficiarios das primas comprometeranse expresamente ao cumprimento dos criterios previstos nesta orde, así como nas ordes de axudas que figuran no artigo 3. Así mesmo, deberanse manter operativas as súas infraestruturas de acompañamento e a área de defensa contra incendios forestais.

2. Se as superficies plantadas se transmitiren en todo ou en parte durante o período de compromiso, adecuaranse as primas á situación do novo titular e, en todo caso, o novo titular debe cumprir as condicións exixibles para a percepción das axudas que se lle outorgaron.

3. No caso de abandono ou destrución da plantación por calquera causa, suspenderanse todas as primas pendentes ata que sexa restaurada a superficie abandonada ou destruída, total ou parcialmente, sen prexuízo dos compromisos adquiridos e das responsabilidades que deriven. O solicitante estará obrigado a comunicar, no prazo máximo dun mes, os feitos e as circunstancias que provocaron a destrución da totalidade ou de parte da plantación.

4. O beneficiario comprométese en todo momento a facilitar as tarefas de inspección ao persoal adscrito á consellería competente no medio rural nas materias relacionadas con esta orde.

5. En todos os casos, e para calquera tipo de titular, o persoal que executou os traballos deberá estar dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social e poderase solicitar en calquera momento que verifique que cumpre o dito requisito.



6. No caso de cesións de pagamento, o titular da conta bancaria debe coincidir co cesionario, quen se comprometerá no anexo V a manter a conta aberta ata o final do proceso de xestión da axuda.

Artigo 7. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible (anexo I) na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Os datos da solicitude que se citan a seguir considéranse o mínimo imprescindible para a súa tramitación, polo que a inexactitude, falsidade ou omisión de calquera dos datos determinará a imposibilidade de continuar coa tramitación da subvención e dará lugar á inadmisión da solicitude, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procederen. Estes datos son:

- a) Datos da persoa solicitante (nome, apelidos, NIF e enderezo completo).
- b) En todos os casos, correo electrónico ou teléfono móbil.
- c) Tres ofertas de diferentes provedores, nas cales debe constar, como mínimo, sinatura, NIF, número do Resfor, nome e enderezo da empresa ofertante ou da persoa que asine, o nome ou a razón social da persoa solicitante da axuda, a data de expedición, os conceptos ofertados e o seu importe.

3. Toda a información para a presentación de solicitudes está dispoñible na Guía de procedementos e servizos, no enderezo: <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>. Tamén se poderá acceder a través da Oficina Agraria Virtual (OAV) dispoñible no enderezo: <https://mediorural.xunta.gal/gl/oficina-virtual-do-medio-rural>



Artigo 8. Prazo de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.

Artigo 9. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude do modelo normalizado que figura no anexo I da presente orde a seguinte documentación:

a) Documentación xeral:

a.1) No caso de que actúe por medio de representante, e de acordo co artigo 5.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberá acreditarse a representación por un medio válido en dereito que deixe constancia da súa existencia.

Entenderase acreditada a representación nos procedementos administrativos tramitados polo sector público autonómico mediante outorgamento de apoderamentos *apud acta* efectuados pola comparecencia persoal nas oficinas da rede regulada na dita lei, pola comparecencia electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia ou a través da acreditación da inscrición no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia, ou no que corresponda, do poder de representación.

a.2) En todos os casos o solicitante deberá presentar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, nas cales figurarán detalladas as actuacións de mantemento polas cales se solicita a axuda por custos unitarios de unidades de obra (obrigatorio, como mínimo, o control da vexetación de competencia e a reposición de marras, se é necesario) nas anualidades 2022, 2023 e 2024, e o seu importe por anualidade (indicarase o custo por hectárea das actuacións de mantemento que se realizarán). A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable, sen que se admitan as ofertas que procedan de empresas vinculadas entre elas nin coa persoa solicitante da axuda, nos termos establecidos na lexislación de contratos do



sector público. Estas ofertas deberán estar asinadas e incluír, como mínimo, o NIF, o nome e o enderezo da empresa ofertante, o nome ou a razón social da persoa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados. Así mesmo, as empresas e as persoas individuais que sexan responsables deses orzamentos deberán estar inscritas no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor). Por outra banda, non poderá haber vinculación entre o solicitante da axuda e calquera dos ofertantes e, en referencia ao artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas co dito beneficiario. Para estes efectos, consideraranse persoas ou entidades vinculadas aquelas que se atopen nalgúns dos casos establecidos no artigo 18 da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

b) Documentación específica:

b.1) Para agrupacións de persoas propietarias particulares formalmente constituídas que deberán estar inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia na data de finalización do prazo de solicitude da axuda, presentarase debidamente asinado por todos e cada un dos compoñentes da agrupación o anexo II (acordo de cesión na agrupación de persoas propietarias particulares formalmente constituída).

b.2) Para proindivisos, de varas, fabeo, de vocerío, de voces, abertais e comunidades de bens, presentarase debidamente asinado por todos e cada un dos seus compoñentes o anexo III (acordo de compromisos e obrigas establecidos na orde) e deberán presentar a acreditación da persoa física que as representa.

b.3) No caso de comunidade de montes en man común (CMVMC), certificado do acordo tomado en asemblea xeral, asinado polo/a secretario/a, conforme autorizan que o presidente da CMVMC solicite as axudas á consellería competente en medio rural para a execución das accións obxecto da solicitude.

b.4) No caso doutras entidades xurídicas (cooperativas agrícolas ou outras entidades xurídicas), acreditación da persoa física que as representa e anexo IV (certificado de acordo de solicitude de subvención) debidamente cuberto. Tamén deberán presentar copia dos estatutos ou escrituras de constitución, no caso de non telos presentado con anterioridade e para o cal no impreso de solicitude se deberá indicar o órgano, o procedemento e o ano de presentación.



2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recollidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar após a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Artigo 11. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) DNI/NIE da persoa representante (se for o caso).
- d) DNI/NIE da persoa cesionaria (se for o caso).
- e) NIF da entidade cesionaria (se for o caso).
- f) DNI/NIE da persoa representante da persoa cesionaria (se for o caso).
- g) Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social a persoa solicitante e, se for o caso, a persoa cesionaria.
- h) Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias (AEAT) a persoa solicitante e, se for o caso, a persoa cesionaria.
- i) Estar ao día no pagamento de débedas coa Consellería de Facenda e Administración pública a persoa solicitante e, se for o caso, a persoa cesionaria.
- j) Estar inhabilitada a persoa solicitante para obter subvencións públicas.
- k) Ter recibido a persoa solicitante axudas pola regra *de minimis*.
- l) Concesións de subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no anexo I e no anexo V, se for o caso, e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

CVE-DOG: 44ugnj87-k7u8-v1h9-af66-fw4x1mxnlfg6



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. *Tramitación*

1. O órgano competente para tramitar esta orde de primas son a subdirección xeral responsable dos recursos forestais e os servizos provinciais responsables dos recursos forestais.

2. As solicitudes presentadas enviaranse, revisaranse e codifícaranse nos servizos provinciais responsables dos recursos forestais.

3. Os servizos provinciais responsables dos recursos forestais examinarán as solicitudes presentadas e requirirán aos solicitantes que, no prazo máximo de dez días hábiles, acheguen a documentación non presentada e, no caso de que as solicitudes conteñan defectos ou omisións, as emenden, conforme se establece no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste requirimento indicárase ademais que, se non se fixer, se terá o solicitante por desistido da súa petición, logo de notificación nos termos que se recollen no artigo 21 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Posteriormente, a subdirección xeral responsable dos recursos forestais, dado que se trata dun procedemento de concorrencia non competitiva, emitirá un informe onde se reflectan as solicitudes e formulará a proposta de resolución, de acordo co artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e resolverá a persoa titular da dirección xeral responsable da planificación e ordenación forestal por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

5. O prazo máximo para resolver e notificarlle a resolución ao interesado será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo para a presentación de solicitudes. Este prazo poderase ampliar segundo o indicado no artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



No caso de non se ditar resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da mesma lei.

6. As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución.

Artigo 13. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos, agás as que se refiren no número 6, practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

CVE-DOG: 44ugn87-k7u8-v1h9-af66-fw4x1mxnlf66



4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Malia o establecido nos anteriores números, e de conformidade co establecido no artigo 45 da indicada Lei 39/2015, as notificacións das resolucións de aprobación e denegación destas axudas realizaranse mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como a indicación das causas da desestimación, e expresaranse, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, órgano administrativo ou xudicial ante o cal deben presentarse e o prazo para interpos.los.

7. Na notificación de concesión da axuda informarase os beneficiarios de que a operación se financia en virtude dun programa cofinanciado polo Feader, así como da medida e da prioridade do PDR de que se trata.

Artigo 14. *Solicitud de pagamento*

A solicitude de pagamento e a xustificación dos traballos presentaranse coa solicitude única da PAC de cada ano, de acordo coa orde anual da convocatoria que regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

Artigo 15. *Execución e certificación dos traballos*

1. A data límite de xustificación dos traballos é a establecida no artigo 14 e só serán subvencionables os investimentos que se realicen e cuxo gasto (factura) e pagamento (xustificante de pagamento) se xustifiquen de acordo co indicado no anexo VII desta orde.

2. No caso de cesión do dereito de cobramento da prima cun terceiro, deberase presentar a seguinte documentación:

a) Comunicación de cesión do dereito de cobramento, conforme o modelo que figura no anexo V desta orde. No caso de que o cesionario do dereito de cobramento sexa unha



CMVMC, o devandito anexo asinarao o presidente da CMVMC en nome da comunidade pero deberá constar o certificado do/a secretario/a da comunidade en que indique que a asemblea xeral autorizou expresamente o presidente para asinar a dita cesión de cobramento.

b) Copia do documento público ou privado en que se formalizou a cesión. No caso de documento privado este deberá estar asinado electronicamente; no caso de documento público, xustificación da liquidación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITPAXD).

c) Copia do DNI/NIF/NIE en vigor da persoa cesionaria, só no caso de denegar expresamente a súa verificación.

d) Copia do NIF en vigor da entidade cesionaria, excepto autorización para a súa obtención á Administración.

3. A prima definitiva será a resultante da comprobación final realizada por funcionarios da consellería competente no medio rural. A raíz desa comprobación, deberase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente sempre que se realizase un menor número de unidades de obra das aprobadas.

Artigo 16. *Revogacións e reintegros*

1. A prima revogarase ou reintegrarase, se for o caso, total ou parcialmente, se se dá algún dos seguintes supostos:

En xeral:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedirían.

b) Por incumprimento das disposicións legais de aplicación, ocultar ou falsear datos ou destinar as primas a fins distintos aos sinalados na solicitude.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente, segundo o establecido nesta orde, na Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: 44ugn87-k7u8-v1h9-af66-fw4x1mxnlf6



d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas nas leis 9/2007, de subvencións de Galicia, e 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, respectivamente.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables rexistras ou de conservación de documentos, cando signifique a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade remitidas de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se alcancen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

h) Incumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.

i) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

E, en particular:

j) Execución de menos do 80 % das accións previstas sen autorización previa ou causa xustificada excepcional ou de forza maior. Para estes efectos considéranse causas excepcionais ou de forza maior o falecemento da persoa beneficiaria, a incapacidade laboral de longa duración da persoa beneficiaria, unha catástrofe grave que afectase gravemente a explotación forestal, unha enfermidade vexetal que afectase unha parte ou a totalidade da masa arbórea da persoa beneficiaria, ou a expropiación da totalidade ou dunha parte importante da explotación forestal se esta expropiación non era previsible no día en que se presentou a solicitude.

CVE-DOG: 44ugn87-k7u8-v1h9-af66-fw4x1mxnlf6



k) Incumprimento dos prazos para realizar os traballos subvencionados fixados na notificación de aprobación do expediente ou, se é o caso, da prórroga concedida.

l) Modificacións graves das accións previstas, de forma que desvirtúen os obxectivos descritos nesta orde.

m) Incumprimento do ditado en calquera dos artigos desta orde que impliquen obrigas por parte do beneficiario.

Nestes supostos, a consellería reclamará directamente a devolución das cantidades aboadas en concepto de axudas e os xuros de demora, que se calcularán conforme a normativa vixente, en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar.

Se se descobre que un beneficiario efectuou deliberadamente unha declaración falsa, o expediente de prima de que se trate quedará excluído da axuda do Feader e recuperaranse todos os importes que fosen aboados polo devandito expediente. Ademais, o beneficiario quedará excluído da axuda para a medida en cuestión durante o exercicio do Feader de que se trate e durante o exercicio do Feader seguinte.

Artigo 17. *Controis*

1. A consellería competente no medio rural realizará os controis sobre o terreo, así como as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das primas concedidas.

2. O beneficiario e o cesionario do dereito de cobramento, se for o caso, comprométense a someterse ás actuacións de control que deba efectuar a consellería competente no medio rural, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás instancias comunitarias de control derivadas da aplicación dos regulamentos de execución (UE) nº 808/2014 e 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo.



3. Seralles de aplicación ás primas recollidas nesta orde e non se poderá efectuar ningún pagamento sen que antes se realizasen os controis establecidos no punto 4 desta orde, así como o réxime de controis, reducións e exclusión reguladas no Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural. Así mesmo, será de aplicación o Regulamento delegado (UE) nº 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou a retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas.

4. A consellería competente no medio rural, ao abeiro do establecido no Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, realizará controis administrativos de todas as solicitudes de prima e de pagamento con respecto a todos os aspectos que sexa posible controlar en relación coa admisibilidade da solicitude, así como controis sobre o terreo antes do pagamento final dunha mostra que represente ao menos o 5 % do gasto público de cada ano civil.

Artigo 18. *Financiamento*

1. As accións previstas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 14.03.713B.770.0, CP 2016 00207, por un importe total de 4.500.000 €, 1.500.000 € para o ano 2022, 1.500.000 € para o ano 2023 e 1.500.000 € para o ano 2024.

2. Esta orde tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

3. Este orzamento pode verse incrementado con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias. A consellería competente no medio rural poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde cando o incremento derive:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.



b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.

4. Estas primas financiaranse con cargo ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia, cunha achega do Feader do 75 %, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 7,5 % e da Xunta de Galicia do 17,5 %.

Artigo 19. *Infraccións e sancións*

En materia de infraccións e sancións será de aplicación o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Regulamento (UE) nº 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade, e no Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade. Así mesmo, tamén serán de aplicación as circulares de coordinación do Fondo Español de Garantía Agraria relativas ao plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural establecidas no sistema integrado de xestión e control do período 2014-2020 e que figuran publicadas na páxina web dese organismo.

Artigo 20. *Alteración de condicións*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, para a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 21. *Medidas informativas e publicitarias*

1. Nos instrumentos de información e difusión que utilice a consellería competente no medio rural farase constar que estas axudas están cofinanciadas nun 7,50 % pola Administración xeral do Estado, nun 17,50 % pola Xunta de Galicia e nun 75 % polo fondo Feader.



2. Conforme o establecido no Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo, pola que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e a súa posterior modificación mediante o Regulamento de execución (UE) nº 669/2016 da Comisión, do 28 de abril, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader indicadas no anexo III do referido regulamento.

Así, en todas as actividades de información e comunicación que se desenvolvan, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do Feader mostrando:

- a) O emblema da Unión.
- b) Unha referencia á axuda do Feader.

Durante a realización da operación, o beneficiario informará o público da axuda obtida do Feader da seguinte forma:

a) Presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, no caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando se poida establecer un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada pola operación, en proporción ao nivel de axuda cos seus obxectivos e resultados e destacando a axuda financeira da Unión.

b) No caso de operacións que reciban unha axuda pública total superior a 50.000 euros, colocando ao menos un panel ou unha placa con información sobre o proxecto e cos requisitos especificados no anexo VIII, onde se destaque a axuda financeira recibida da Unión, nun lugar ben visible para o público, así como a bandeira europea e o lema «Feader: Europa inviste no rural», nun lugar ben visible para o público.

Artigo 22. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a



información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional primeira

As primas que se concedan nestas bases reguladoras son incompatibles coas axudas para o cesamento anticipado da actividade agraria e con calquera outra axuda de mantemento da plantación concedida sobre a mesma superficie nos anos 2019, 2020, 2021, 2022, 2023 ou 2024.

Disposición adicional segunda

No non previsto nesta orde observárase o disposto no Regulamento (UE) nº 1305/2013, no Regulamento de execución (UE) nº 808/2014, no Regulamento de execución (UE) nº 809/2014, no Regulamento de execución (UE) nº 1242/2017 da Comisión, do 10 de xullo, que modifica o Regulamento de execución (UE) nº 809/2014, no Regulamento delegado (UE) nº 640/2014, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, teranse en conta as circulares de coordinación ditadas polo Fondo Español de Garantía Agraria 35/2020 relativa ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural establecidos no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020, e a 32/2016, que establece os criterios xerais para a aplicación de reducións, sancións e exclusións nas medidas de desenvolvemento rural establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020.

Disposición derradeira primeira

Facúltase o director xeral responsable da planificación e ordenación forestal para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para a aplicación ou o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2021

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

CVE-DOG: 44ugnjb7-k7u8-v1h9-af66-fw4x1mxnlfg6




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL**

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PRIMA DE MANTEMENTO DE FORESTACIÓN	MR670C	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:	
1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas: ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda de mantemento da plantación para a mesma superficie pola cal solicita esta subvención. ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas de mantemento da plantación para a mesma superficie pola cal solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:	
ORGANISMO	IMPORTE
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. 4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 6. Que non se atopa en situación de crise conforme a normativa comunitaria, só no caso de empresas solicitantes.	


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL**
ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
Documentación xeral
☐ Un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, nas cales debe constar como mínimo: sinatura, NIF, número do Resfor, nome e enderezo da empresa ofertante ou da persoa que asine; o nome ou razón social da persoa solicitante da axuda; a data de expedición; os conceptos ofertados e o seu importe.

Documentación específica

1. Para agrupacións de persoas propietarias particulares formalmente constituídas que deberán estar inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia na data de finalización do prazo de solicitude da axuda

☐ Anexo II - Acordo de cesión, debidamente asinado por todos e cada un dos compoñentes

2. Para os proindivisos, os de varas, abertais, de voces, de vocerío, de fabeo e as comunidades de bens

☐ Anexo III - Acordo de compromisos e obrigas

3. Para CMVMC

☐ Certificado do acordo tomado en asamblea xeral, asinado pola/a secretario/a, conforme autorizan a/o presidente/a da CMVMC para pedir axudas á Consellería do Medio Rural para a execución das accións obxecto da solicitude

4. Para cooperativas agrícolas ou outras entidades xurídicas

☐ Anexo IV - Certificado do acordo de solicitude de subvención, debidamente asinado

Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna:

☐ Entenderase acreditada a representación nos procedementos administrativos tramitados polo sector público autonómico mediante outorgamento de apoderamentos *apud acta* efectuados pola comparecencia persoal nas oficinas da rede regulada na dita lei, pola comparecencia electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia ou a través da acreditación da inscrición no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia, ou no que corresponda, do poder de representación.

ÓRGANO

CÓD. PROC.

ANO

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

OPÓÑOME A
CONSULTA

DNI/NIE da persoa solicitante

☐

DNI/NIE da persoa representante

☐

Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social

☐

Estar ao día no pagamento de débedas coa Consellería de Facenda

☐

Estar inhabilitado para recibir subvencións públicas

☐

Ter recibido axudas pola regra *minimis*
☐

Consulta de concesións de subvencións e axudas da persoa solicitante

☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente

AUTORIZO A
CONSULTA

NIF da entidade solicitante

☐ SI ☐ NON

Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria

☐ SI ☐ NON

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA
DO MEDIO
RURALANEXO I
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos persoais e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Regulamento (UE) n° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Orde do 1 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022 para a concesión das primas de mantemento das forestacións cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MR670C).

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Xacobeo 21-22

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de

GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓNFondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural
Europa inviste no ruralSEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladoraXUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

ANEXO II

ACORDO DE CESIÓN NA AGRUPACIÓN DE PERSOAS PROPIETARIAS PARTICULARES FORMALMENTE CONSTITUÍDA

Agrupación de personas propietarias particulares formalmente constituida: acuerdo de cesión (cubrir sólo se procede)

As persoas que asinan, reunidas de mutuo acordo, dan a súa conformidade a

con NIF , endereço

para que figure como representante para os efectos de tramitación da petición das primas de mantemento do expediente de axudas para a creación de superficies forestais.

Así mesmo, acordamos asumir todo o disposto na orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para as primas de mantemento, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), que se convocan para o ano 2022, e será exixible a cada un/unha de nós a responsabilidade do bo fin da actuación.

[illegible]

De ser necesario, poderanse presentar varias destas páxinas.

(*) Este código farase constar na superficie coa cal participa cada persoa socia nos planos que presente unha vez que sexan requiridos pola Administración.

Don/Dona

acepta a representación conxunta desta agrupación forestal.

Lugar e data

_____, _____ de _____ de _____



Xacobeo 21-22



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN



Fundo Europeu Agrícola
de Desenvolvimento Rural

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

ANEXO III

ACORDO DE COMPROMISOS E OBRIGAS ESTABLECIDOS NA ORDE

As persoas que asinan como membros de (proindiviso, de varas, fabeo, de vocerio, de voces, abertais, comunidade de bens, etc.)

comprométense a cumprir todos os compromisos e obrigas establecidos nesta orde e dan a súa conformidade a

con NIF , enderezo

para que figure como representante para os efectos de tramitación da petición de axudas ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras das primas de mantemento das forestacións do ano 2022, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Así mesmo, acordamos asumir todo o disposto na orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para as primas de mantemento, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), que se convocan para o ano 2022, e será exigible a cada un/unha de nós a responsabilidade do bo fin da actuación.

NOME E APELIDOS	NIF	ACREDITACIÓN	PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN	AUTORIZO	SINATURA
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	
		☐ SI ☐ NON		☐ SI ☐ NON	

De ser necesario, poderanse presentar varias destas páxinas.

Don/Dona , con NIF

acepta a representación conxunta desta agrupación forestal.

Lugar e data

, de de



Xacobeo 21-22



Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

DATOS DA PERSOA SECRETARIA

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

CERTIFICA

Que o consello reitor desta entidade, reunido en

o día , acordou:

- Solicitar a prima de mantemento de acordo co establecido nesta orde.

- Autorizar a , con NIF

como persoa encargada da realización dos trámites necesarios.

- Aprobar a realización dos investimentos que se citan a seguir:

1	
2	
3	
4	
5	

SINATURA DA PERSOA SECRETARIA

Lugar e data

, de de de



Xacobeo 21-22

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de

Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural
Europa inviste no rural

CVE-DOG: 44ugnj87-k7u8-v1h9-af66-fw4x1mxnlf6

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL**

ANEXO V

COMUNICACIÓN DE CESIÓN DO DEREITO DE COBRAMENTO

MR670C - PRIMA DE MANTEMENTO FORESTACIÓN

PRIMAS DE MANTEMENTO DAS FORESTACIÓNS

NÚMERO DE EXPEDIENTE:

DATOS DA PERSOA CEDENTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS DA PERSOA CESIONARIA

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

ANO DE CONCESIÓN (ano de concesión da axuda á cal corresponde o pagamento que se desexa ceder)

IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN (euros)

(Consignarase en letra e número o importe total da axuda concedida)

CONTÍA CEDIDA

☐ PAGAMENTO Á CONTA ☐ DEFINITIVA

(Consignarase en letra e número o importe total da contía cedida. Márquese cun X o recadro correspondente ao pagamento da axuda cedida)

DATOS BANCARIOS DA PERSOA CESIONARIA

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA⁽¹⁾

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

⁽¹⁾ O/A titular da conta debe coincidir co/coa cesionario/a, que se compromete a manter a conta aberta ata o final do proceso de xestión da axuda.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Para CMVMC:

☐ Certificado asinado pola/a secretario/a, conforme a asemblea autoriza o/a presidente/a da CMVMC para asinar a cesión de cobramento.

Para todos os solicitantes no caso de presentación de documento privado:

☐ Copia do documento privado polo cal se formalizou a cesión asinado electronicamente.

Para todos os solicitantes no caso de presentación de documento público:

☐ Copia do documento público polo cal se formalizou a cesión.

☐ Xustificación da liquidación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITPAJD).

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA
DO MEDIO
RURALANEXO V
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

DNI/NIE da persoa cesionaria	☐	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante da persoa cesionaria	☐	
Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social, persoa cesionaria	☐	
Estar ao día no pagamento de débedas coa Consellería de Facenda, persoa cesionaria	☐	
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.		AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade cesionaria	☐ SI ☐ NON	
Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	☐ SI ☐ NON	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos persoais e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA CEDENTE OU REPRESENTANTE DA
CEDENTESINATURA DA PERSOA CESIONARIA OU REPRESENTANTE DA
CESIONARIA

Lugar e data

 , de de


Xacobeo 21-22

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de

Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural
Europa inviste no ruralXUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO VI
Limitacións de uso e condicións técnicas mínimas dos traballos

Traballo	Limitacións de uso	Condições técnicas mínimas que deben cumprir os traballos
Roza manual	• Pendentes superiores ao 35 %. • Zonas en que se xustifique a imposibilidade de realizar traballos mecanizados.	• A altura do mato, unha vez rozado, non superará os 10 cm.
Roza mecánica	• Pendentes iguais ou inferiores ao 35 %, agás xustificación técnica.	• A altura do mato, unha vez rozado, non superará os 10 cm.
Tratamento fitocida	• Non utilizar en zonas de valgada.	• Utilizar produtos sistémicos non residuais.
Labra superficial	• Vexetación herbácea. • Pendentes comprendidas entre 0-15 %.	• Profundidade da labra maior de 20 cm.
Compartimentos picados	• Pendentes superiores ao 35 %. • Zonas en que se xustifique a imposibilidade de realizar traballos mecanizados.	• Dimensións mínimas de 30×30×30 cm.
Buratos manuais	• Pendentes superiores ao 35 %. • Zonas en que se xustifique a imposibilidade de realizar traballos mecanizados.	• Dimensións mínimas de 40×40×40 cm.
Subsolaxe lineal	• Pendentes comprendidas entre 0-35 %. • Traballarase no sentido que permita a posterior mecanización dos traballos de mantemento. • Levantarase o ripper 2 m cada 10 m en caso de pendentes maiores do 20 %.	• Profundidade maior de 50 cm.
Aburatemento mecanizado con bulldózer	• Xustificar a súa utilización en pendentes inferiores ao 35 %.	• Profundidade do labor ao final do burato, medida desde o nivel do chan sen alterar, maior de 50 cm. • Lonxitude total do burato, incluído o burato e o lombeiro de terra sacada do burato, comprendida entre 150-200 cm. • Largura superficial no comezo do burato, medido ao nivel do chan sen alterar, maior de 40 cm. • Largura superficial ao final do burato, medido ao nivel do chan sen alterar, maior de 60 cm.
Camallón con desfonda lineal	• Zonas con alagamentos. • Só se fará cando a realización dos traballos non produza a inversión de horizontes (horizonte A de profundidade maior de 50 cm).	• Realizarase mediante a pasada de, polo menos dous vesos. • Profundidade do corte da arada, medida desde o nivel do chan sen alterar, maior de 40 cm. • Largo total do camallón, incluíndo o suco e o lombeiro vesado, maior de 150 cm.
Aburatemento mecanizado con escavadora	• Plantación de frondosas de altura maior de 100 cm.	• Dimensións mínimas de 60×60×60 cm. • Pendente máxima do 30 %. • Terreo non pedregoso.
Fertilización completa		• Realizarase con fertilizantes CEE ou UE, de aplicación localizada e liberación lenta, adaptados ás características edafolóxicas da zona de plantación, co fin de evitar a contaminación dos acuíferos. • Os fertilizantes poderán aplicarse en forma de pastillas ou cápsulas resinadas.



Traballo	Limitacións de uso	Condições técnicas mínimas que deben cumprir os traballos
Área de defensa contra incendios forestais	• Obrigatoria, agás xustificación técnica, no caso de CMVMC, sociedades e agrupacións e de propietarios ou outros.	• Terán un largo mínimo de 10 m. • Terán unha franxa central de 5 metros con decapaxe ata solo mineral e dúas franxas laterais de polo menos 2,5 metros de largo nas cales se realizará unha roza a feito. • No caso de coincidir no perímetro unha pista forestal, débese realizar unha roza nunha franxa de largo igual ao resultado de restar a 10 metros o largo da pista en metros. • Procurarase integrar noutras existentes. • Efectuaranse cortas transversais, cunha pendente lonxitudinal do 2 % e distanciadas 50 m a partir das pendentes daquelas superiores ao 20 %.

ANEXO VII

Instrución para a presentación dos xustificantes de gasto e de pagamento das actuacións elixibles

1. Xustificantes de gasto. As facturas deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos:

- Número e, se é o caso, serie.
- Data de expedición.
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- Número de identificación fiscal atribuído pola Administración española ou, se é o caso, pola doutro Estado membro da Comunidade Europea, con que realizase a operación o obrigado a expedir a factura.
- Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- Descrición das operacións. Consignaranse todos os datos necesarios para determinar a base imponible do imposto, correspondente a aquelas, e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das ditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluída no dito prezo unitario.
- O tipo impositivo ou tipos impositivos, se é o caso, aplicados ás operacións.
- A cota tributaria que, se é o caso, lle repercute, deberá consignarse por separado.
- A data en que se efectuasen as operacións que se documentan, sempre que se trate dunha data distinta á de expedición da factura.



– No caso de que unha operación estea exenta ou non suxeita ao IVE, especificarase o artigo da normativa referida ao IVE que así o recoñece.

– Só se considerará elixible a base imponible que figure na factura.

– Non se admitirán como xustificantes de gasto albarás, notas de entrega, facturas *pro forma*, tickets, xustificantes de recepción nin facturas que non conteñan todos os requisitos citados para a súa consideración como tales ou cuxa data non se axuste aos prazos citados.

–A factura da planta utilizada ten que estar expedida por un viveiro autorizado e tamén se admitirán as facturas emitidas por comercializadores que veñan acompañadas da copia da factura do viveiro autorizado ao comercializador. No caso de enxerto, na factura figurará a procedencia da variedade empregada para o enxerto.

2. Xustificantes do pagamento efectivo. A xustificación do pagamento realizarase con copia dalgún dos documentos que se relacionan a seguir:

a) Xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo na entidade, certificación bancaria etc.), en que conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura. No caso de que o xustificante bancario sexa transferencia bancaria, estará selado pola entidade bancaria.

b) Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio, etc.), achegarase a factura xunto coa copia do efecto mercantil, xunto coa documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) en que conste claramente que o antedito efecto foi efectivamente pagado dentro do prazo de xustificación.

c) No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas imputadas ao proxecto, deberán identificarse no documento de pagamento as facturas obxecto del.

d) No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura a que se imputa o pagamento, e irá xunto cunha relación de todos os documentos de pagamento e importes acreditativos do pagamento desa factura.

e) No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, deberá identificarse claramente no documento de pagamento a factura ou facturas cuxo pagamento se imputa ao proxecto.

f) No caso de facturas en moeda estranxeira, deben achegarse os documentos bancarios de cargo en que conste o troco utilizado.



ANEXO VIII
Carteis e placas

Os modelos de carteis e placas que os beneficiarios de axudas Feader deben utilizar para cumprir coas obrigas recollidas no artigo 21 adaptaranse ao seguinte formato estándar, no cal o emblema da Unión Europea e a denominación do fondo, conxuntamente co lema, ademais da descrición do proxecto ou operación, deberán ocupar, como mínimo, o 25 % do deseño.



Axuda pública total		Cartel	Placa
>50.000 €	Dimensión mínima (A)	100 cm	30 cm
	Altura mínima	130 cm	-

Tanto os carteis como as placas serán de material resistente (ríxido ou semirríxido), sen que sexa admisible a simple impresión en papel. Colocaranse sempre nun lugar visible ao público.

O elemento publicitario debe manterse, polo menos, durante un prazo idéntico ao do compromiso que adquire o beneficiario ao recibir a subvención.

